

Boletín Informativo AEF



Presentación Web Business Narón



Contenido:

Presentación Web Business Narón	1
Actividades AEF	2-3
Xornada informativa	4
Especial Coronavirus	5-7

O concelleiro de Promoción Económica de Narón, David Pita , presentou o 19 de novembro, a páxina web da citada área.

O edil explicou que o resultado “é froito de máis dun ano de traballo” e destacou a importancia de promocionar o sector industrial, comercial e a área de servizos de Narón a través desta nova ferramenta.

A web, á que se pode acceder desde a dirección <http://business.naron.es/>, conta tamén cun Facebook propio e pode consultarse desde calquera dispositivo, está operativa e servirá tamén de base, tal e como apuntou Pita, para promocionar a cidade e os seus potenciais en diferentes eventos.

O edil agradeceu a colaboración que ofreceu a Asociación de Empresarios Ferrolterra (AFE) á hora de deseñar esta páxina web e indicou que está aberta a posibles suxerencias co fin de actualizala e ofrecer ás persoas que visiten a páxina toda a información que precisen.

Reunión co BNG



Membros da Xunta Directiva da AEF mantiveron, o 19 de novembro, unha reunión con representantes do BNG para comentar temas referidos á situación socioeconómica da comarca e contrastar propostas e alternativas respecto diso.

A construción do Dique Seco Cuberto para Navantia Ferrol, a mellora da Infraestrutura Ferroviaria que comunica Ferrol e A Coruña, a evolución de Navantia cara ao Estaleiro 4.0 foron algúns dos temas abordados.

Curso PRL Naval 60 horas




O 19 de outubro comezou o Curso de PRL Naval de 60 horas que realizamos en colaboración coa CEC e co financiamento da Xunta de Galicia.

29º Asemblea Xeral AEF



O 15 de outubro tivo lugar a 29º Asemblea Xeral da Asociación de Empresarios Ferrolterra, nesta ocasión de forma Telemática, no transcurso da mesma presentáronse e aprobaron: a Memoria de Actividades do 2019, as contas do 2019 e o orzamento do 2020, así como a proposta de actividades para este ano. Agradecemos aos nosos asociados a confianza mostrada!

Curso de Condución e manexo de carretillas elevadoras



Os días 2, 3 e 4 de novembro celebramos o Curso de Condución e manexo de carretillas elevadoras categoría 2, do tipo 4 frontal contrapesada, para PRL segundo norma UNE 58451/2016 que realizamos en colaboración coa Federación Galega de Parques Empresariais e con financiamento da Xunta de Galicia. Tivo 24 horas de duración e contou coa asistencia de 15 alumnos.

XORNADA INFORMATIVA: NOVA CONVOCATORIA PROGRAMA



O vindeiro venres 8 de xaneiro, ás 10 h, terá lugar un encontro dixital no que se ofrecerá información da nova convocatoria do programa Activa Industria 4.0, dirixido a impulsar a transformación dixital das industrias. Na xornada tamén coñeceremos o funcionamento da ferramenta HADA, de autodiagnóstico dixital en liña.


As axudas ás que poden acceder as empresas a través desta liña consisten en asesoramento especializado e diagnóstico da situación de partida e a elaboración dun plan de transformación dixital. O prazo de solicitude de axudas ao abeiro desta nova convocatoria estará aberto ata o 12 de xaneiro.

Inscrición xornada: https://zoom.us/meeting/register/tJEocO-tqjopHdcv34cy5uHnT-jNnQ6qFQwF?_xzm_rtaid=sqenYKHcSouMxTUUwRv4jw.1609159599367.2f18064cfd28d47831d3c36c70bec88c&_xzm_rhtaid=134

Información convocatoria: <https://www.eoi.es/es/convocatorias/35513/convocatoria-2020-ayudas-empresas-industriales-de-galicia>

ESPECIAL CORONAVIRUS

Plan de Galicia para la Navidad



Plan de Nadal publicado pola Xunta de Galicia.

Entre o 23 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021, limitarase a entrada e saída da comunidades, agás para os desprazamentos xustificados, permitíndose a mobilidade excepcional para encontros familiares os días 23, 24 e 25 decembro.

Durante todo o Nadal, a restricción horaria mantense ata as 23 horas, atrasando a limitación de mobilidade ás 1:30 horas para a noite do 24 ao 25 de nadal, e do 31 ao 1 de xaneiro, unicamente para permitir o regreso a casa.

En canto as persoas que veñan de fora de Galicia, aplicarase os criterios de mobilidade dos concellos de destino.

Recoméndase manter as celebracións dentro da unidade de convivencia pero se se reúne máis dunha unidade de convivencia, o máximo será de 10 persoas e se se reúne máis de dúas unidades de convivencia, o máximo será de 6 persoas, sen computar os menores de 10 anos.

ESPECIAL CORONAVIRUS



Programa I. MICROEMPRESAS (TR400B)

Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas con persoal contratado.

Microempresas e excepcionalmente PEMES (de sectores especialmente paralizados pola COVID-19).

Requisitos

Con domicilio fiscal en Galicia

Que teñan ou tiveran autorizado un ERTE por COVID-19 desde a declaración do estado de alarma

Descenso da facturación de cando menos o 45% comparando todo 2019 cos tres primeiros trimestres de 2020



Aberto o prazo ata o
28 de decembro

37.000.000€
de orzamento

Contía da axuda económica

Axuda xeral	4.000€
Actividades especialmente paralizadas	5.000€

Actividades especialmente paralizadas

Lécer nocturno (discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas e salas de concertos)

Ámbito de atraccións de feiras (sen establecemento aberto ao público) incluído nos CNAES: 4724, 4729, 4781, 4782, 4789, 5610, 5629, 5630 e 9200.

Actividades encadradas nos seguintes CNAES:

Transportes (4932, 5010 e 5030)

Provisión de comidas (5621)

Exhibición cinematográfica (5914)

Axencias de viaxes e operadores turísticos (7911, 7912, 7990)

Organización de convencións (8230)

Artes escénicas e auxiliares (9001, 9002)

Xestión de salas de espectáculos (9004)

Parques de atraccións e outras actividades recreativas (9321, 9329)

Compromiso

Manter a actividade económica e o emprego de alta durante 6 meses desde a publicación da orde de axudas no DOG

Máis información:

oficinadoautonomo.gal

900 815 600
(L-V de 8.00 - 15.00)

ESPECIAL CORONAVIRUS



XUNTA
DE GALICIA

Programa II. HOSTALERÍA (TR400C)

Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas
con ou sen persoal contratado.....

Microempresas e PEMES.....

**DO SECTOR
DA HOSTALERÍA***

* Inclúe hotéis, hostais, casas rurais e outros aloxamentos que cumpran os requisitos



Aberto o prazo ata o
28 de decembro

17.000.000€
de orzamento

Requisitos

Domicilio fiscal en Galicia

Afectado por **peche do establecemento** ou **peche perimetral** →

Ter **pechada** a actividade durante un **mínimo de dúas semanas**
(tamén actividades que non permitan consumo no establecemento ou nas terrazas)

Ordes da Consellería
de Sanidade de:

- 7 de outubro
- 4 de novembro
- 8 de novembro
- 13 de novembro
- Ordes posteriores

Contía da axuda económica [por establecemento paralizado]**

** Unha mesma persoa ou entidade pode ter varios establecementos con dereito a axuda

Axuda xeral → **1.500€** por mes de paralización, desde outubro
(mínimo 2 semanas → 750€)

Con 10 ou máis
persoas contratadas → **2.000€** por mes de paralización, desde outubro
(mínimo 2 semanas → 1.000€)

Máis información:

oficinadoautonomo.gal

900 815 600



Edita, coordina e diseña: Asociación de Empresarios Ferrolterra

Fotografía: Archivo gráfico AEF, Freepik.es.

Punta Arneta, s/n. Edificio Usos Múltiples, 2º. 15405 Ferrol

Tel. 981 333 305

Fax 981 333 302

info@empresarios-ferrolterra.org

www.empresarios-ferrolterra.org



Na nosa WEB tes toda a información actualizada sobre el Coronavirus

Horario de atención aos socios:

De luns a xoves de 8,30 a 14,30 e de 16,00 a 18,00 horas.

Venres de 8,00 a 15,00 horas

<http://www.empresarios-ferrolterra.org/index.php/portada/1313-informacion-coronavirus>

Proxecto cofinanciado por Concello de Narón no ano 2020



ferrolterra ten futuro